



Vol. 2 - Nº 2 – 2002

Suplemento 3

Depósito Legal: C-2282/2001 ; ISSN: 1579-1963

**BASES PARA UNHA EDUCACIÓN IGUALITARIA:
A CRÍTICA Ó MODELO ANDROCÉNTRICO**

Amparo Moreno Sardá

*Catedrática de Historia da Comunicación
da Universidade Autónoma de Barcelona*



Subvencionado por:

**Dirección Xeral de Política Lingüística
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

O pensamento académico é un instrumento para perpetuar o dominio do mundo, e ante iso oímos falar de ‘sexismo e educación’. Gústame que se expoña esta temática porque creo que son cuestións fundamentais, e esta relación entre sexismo, educación, saúde, convivencia, paz... parece absolutamente crucial na vida persoal e na historia colectiva.

Androcentrismo versus sexismo

De tódolos xeitos empezarei clarexando que a min a palabra ‘sexismo’ non me gusta porque creo que é unha palabra que só nos permite abordar un dos aspectos deste conxunto de cuestións que fan que a nosa sociedade sexa belicista, e, en lugar de falar de sexismo, hai moitos anos que decidín que preferiría falar de ANDROCENTRISMO.

Sexismo implica centrar a atención na discriminación por razón de sexo e habitualmente nos leva a falar do problema da muller porque se supón que é a que fai o papel de sometida, mentres que en contrapartida o home faría o papel de dominador. Sen embargo, androcentrismo despraza a cuestión cara ó ‘andros’, o ‘aner, andros’, que non é o home en xeral, non é o ser humano de sexo masculino, senón que é un

modelo particular de comportamento humano, un modelo definido en termos masculinos, adultos e que se lles inculca ós rapaces, porque se lles di: “farás a mili e faraste home”; é, pois, o modelo de ser home nun sentido forte, nun sentido de prepotencia viril. E ‘centrismo’ fai referencia ó centro, que non é máis nada ca unha construción imaxinaria para xustificar a quen se sitúa no centro para lexitimarse como ser superior e con dereito a mandar e a dominar. Polo tanto, androcentrismo implica, en primeiro lugar, a un modo particular de masculinidade, e, inmediatamente, a como ese modelo particular ten que ver cunha construción dunha orde xerárquica, dunha orde centralizada que se presenta como superior, xustamente para xustificarse nesa relación de poder.

Isto para ir xogando coas palabras: realmente eu quería que fixeramos un xogo de pensar, de pensar e re-pensar o que aprendimos a repetir tantas veces, porque eu creo que hoxendía, cando a información é tan desbordante, chega un momento no que é moito máis necesario atopar pistas que nos permitan re-coñecer o que vivimos, que non incrementar os nosos coñecementos, que ás veces non nos levará a ningures, e así seguimos cun despiste tremendo sen saber onde estamos.

Crítica ó pensamento académico como instrumento para perpetuar o dominio do mundo

Para que se vaia vendo dun xeito máis claro esta diferenza entre sexismo e androcentrismo, explicarei brevemente o proceso persoal que eu seguí ata facer a crítica ó pensamento académico ou, tamén podemos dicir, pensamento lóxico-científico, aínda que normalmente o persoal enfádase moito se críticas o científico, pero non importa, podemos dicir académico, racionalidade, éme igual; o que quero dicir é que hai que desmantelar, hai que chegar ó fondo desa maneira de pensar e explicar o mundo, que solemos identificar como racional e como lóxica, comprensible, e como obxectiva, para poder atopar as claves que nos permitan ese recoñecemento do mundo no que estamos vivindo; ó menos este é o proceso que eu seguí, que vos explicarei aquí e que me gustaría compartir e debater.

Eu tiven relacións co movemento feminista desde os inicios, a mediados dos anos 70, e sen embargo un día, nun principio de curso, ó expoñer o meu programa de Historia na clase, ergueuse unha alumna e díxome que o programa lle parecía ben, pero que era “tan machista como tódolos desta casa”. Entón non caín na conta de que a historia que eu estudiara e a historia que estaba explicando era unha explicación da vida social onde eu non existía. Aquela chamada de atención fíxome pensar como podía ser que eu estivera elaborando unha explicación sobre a vida social, que ademais eu pensaba que me servía para entender o mundo no que vivía, porque eu primeiro estudiara unha historia positivista e épica, que me aburría moitísimo e que non me interesaba o máis mínimo, pero co tempo fora entrando na análise marxista da historia e nesa proposta da escola de Vicens Vives e de toda a xente que foi anovando a historia a partires dos anos 60-70, e da que o propósito era que a historia tiña que servir para comprender o presente. Polo tanto, partía dunha explicación da historia que me vinculaba con determinadas ideas políticas e me daba pistas para comprender o meu presente; pero cando esta alumna me chamou a atención e me fixo ver que eu non existía nesa historia, reforzouse unha contradicción que eu vivía dun xeito moi forte naquel momento de transición política, que era a relación entre teoría e práctica, a relación entre ética e política, a relación entre o que razoamos e as contradiccións que temos no mundo dos sentimentos. E, dadas as circunstancias -isto foi a finais dos 70, principios

dos 80-, non podía planificar adicarme a estudar Historia da Muller, porque ademais había moi pouca cousa entón. Así que decidín facerme fichas e gardar datos de todo o que eu fose encontrando sobre as mulleres. Isto levoume a ler os libros moi a modo co propósito de anotar o que se di das mulleres. Pero empezaba a ler un libro e, se me interesaba moito, prantábame na páxina 50 sen lembrarme máis das mulleres, ata que, de súpeto, atopaba unha frase de aquelas típicas, na que se dicía algunha expresión inferiorizando, menosprezando ás mulleres, e aquilo facíame parar e volver atrás, e pensar “¿aquí díxose algo?, ¿non se dixo nada das mulleres?, ¿de que estivemos a falar?”.

Así foi como empecei a cambiar a pregunta. Se durante os meus anos de estudante, e despois, creía que “home son e nada humano éme alleo”, a partir daquel momento empecei a descubrir que eu non podía dicir aquela frase porque non me sentía en absoluto identificada, porque aquel ‘home’ que aparecía como protagonista da historia e que aparece tamén como o concepto de home nos textos das ciencias sociais, non era calquera ser humano, non se podía xeralizar ós homes e ás mulleres, pero nin sequera se podía xeralizar ós homes, senón que era, o que despois se me ocorreu chamarlle, un ARQUETIPO VIRIL. Era un modelo particular de comportamento humano, que historicamente fora definido en termos masculinos. Pero non soamente en termos masculinos, porque realmente, a partir da experiencia, ti tes a túa noción tamén de como son os homes, e afortunadamente encóntraste con homes que non acaban de funcionar así completamente, senón que deixan oportunidades á súa capacidade humana, ou sexa, por sorte encóntraste homes que non funcionan como arquetipos viris e que, polo tanto, son tratables. Trátase, pois, dun determinado modelo de masculinidade que implica un sistema de valores, e iso quería dicir que se presentaba como natural un sistema de valores do cal os trazos característicos serían, por unha parte, a xerarquización, e pola outra, a vontade de dominar, e de dominar máis, a expansión, o que en termos filosóficos sería a transcendencia.

Isto lévanos a desprazar a cuestión. Xa non era o problema da muller dentro do discurso académico o que estaba en xogo, senón con que noción do humano aprendimos a pensar sobre a existencia humana, e como pode ser que, ademais, nos afixéramos a pensar sobre a existencia humana considerando natural a xerarquía e o dominio, se

eu pensaba que rechazaba a xerarquía e o dominio duns seres humanos sobre os outros.

Se ledes os textos atentamente e repasades a modo de que seres humanos se fala, que é o que se está valorando positivamente neses textos, que é o que se está menosprezando como negativo, de que se fala e que se exclúe, veredes que realmente a noción do humano coa que estamos construíndo as ciencias sociais e polo tanto o pensamento político, todo o discurso da racionalidade pública, está viciado por ese ingrediente básico que é ese modelo do humano, que é precisamente o modelo que tivemos que aprender a executar, a realizar, a representar para movérmonos como profesionais no escenario público. Ou sexa, que ese arquetipo viril, que considera a xerarquía e o dominio expansivo, o ter cada vez máis territorio, o pisar antes de que te pisen, é precisamente o modelo que, sen propoñerme e sen ser consciente, tivera que aprender á medida que funcionaba como periodista primeiro, como profesora de universidade despois.

Isto levábame a una contradicción tremenda entre o que era a miña práctica persoal, ou polo menos a práctica persoal que máis me interesaba, e o que podería ser a actuación pública. De feito, se repasamos os textos e os relemos a modo, fixándonos de que home, de que muller se fala, que é o que se presenta positivamente, de que se fala negativamente, que se inclúe e que se exclúe ó falar, veremos que, normalmente, desde o pensamento das ciencias sociais, o que se está a facer é un enfoque sobre a vida social que restrinxe a percepción ós personaxes das actuacións públicas, e que, polo tanto, corresponde con ese modelo humano, e exclúe considerar un par de cuestións que son fundamentais.

A) En primeiro lugar, exclúe considerar todo o que transcorre nos espazos privados ou domésticos, todo o que corresponde ás nosas relacións interpersoais cotiás. Despois podemos aclarar estes termos.

Fixádevos que, ademais, ó aprender a ver que ese home é o protagonista da historia, tamén aprendemos que se non facemos o que fai ese home, non somos protagonistas da historia senón seres pasivos, dependentes, de maneira que hai que comportarse como ese home para ser alguén, polo tanto é un modelo que nos incita a asumilo.

B) Pero non só se exclúe o que transcorre nos espazos privados, senón que ademais, e eu coido que esta é a falacia máis importante ó presentarse

ese modelo como natural, o que se naturaliza é o sistema de valores que rexe no escenario público. ¿E cal é ese sistema de valores? A xerarquización expansiva: esa vontade duns seres humanos de dominar a outros. E isto é o que normalmente sacraliza ese discurso da racionalidade pública.

Fixádevos que, a base de estudar historia, aprendimos que os seres humanos fixemos guerras sempre, logo a conclusión ten que ser: hai que seguir facendo guerras, forma parte da nosa existencia. O que se está naturalizando, pois, é esa forma de dominio: unhas veces máis brutais, máis claras, máis transparentes, outras veces máis sutís, como sucede coa noción de transcendencia do pensamento filosófico.

E ó facer esta crítica, empezamos a encontrar que o noso campo de visión se abre, porque primeiro as nosas anteolleiras só nos deixaban mirar entre elas, e como só enfocabamos o espazo público, só víamos uns protagonistas que son case exclusivamente homes; pero no momento en que abres a visión ata os espazos domésticos, tense unha visión na que caben diversas mulleres e homes. E se ademais tes en conta que hai que abrir a atención a unhas relacións harmónicas cos outros colectivos humanos, entón é cando de falar de sexismo pasamos a considerar ese androcentrismo, esa visión restrinxida dende ese centro, é cando pasamos xa a unhas perspectivas que sexan de réplica a ese etnocentrismo, a ese clasismo, a ese mundo adulto e viril, que cuestionabamos ó principio.

Así, esta crítica permítenos xogar cuns ingredientes que nos acostumamos a menosprezar ou a non utilizar. E ó abordar agora unha explicación de réplica a esta visión do mundo, podemos xogar con estes ingredientes que, ademais, nos dan unhas pistas bastante doadas, bastante máis sinxelas do que aprenderamos a estudar. Porque o pensamento académico é precisamente complexo porque parte dunha trampa básica, e como parte dunha trampa básica, canto máis te metes, máis te entrapas; normalmente che din que non entendes o mundo porque no estudiaches suficientemente e iso é mentira: canto máis estudias máis repites a trampa e máis difícil é saír dela; é coma unha fe, e, polo tanto, canto máis repites o catecismo, máis che sae a resposta correspondente á pregunta que che facían e es máis incapaz de pensar as cousas tal como as vives.

Imos intentar, pois, xogar con estes ingredientes. Estou simplificando moito, despois podemos

aclaralo, porque verdadeiramente hai materia para rato. Pero imos pensar algunhas cuestións básicas.

De entrada, cando un colectivo humano decide dominar a outro e domínalo para aproveitarse dos recursos que ten o outro colectivo, o que fai é obter un botín: despois da guerra ven o reparto do botín, que é o espectáculo ó que estamos asistindo estes días, todos colaboramos e todos queremos parte no botín. Isto é moi duro, pero é así de duro, non hai outra maneira de dicilo, polo menos para entendérmonos. O dominio duns colectivos humanos sobre outros colectivos xera un botín que se reparten os guerreiros, e ese botín, esa apropiación dos recursos, é o que está na base do que consideramos os bens privados. Ese botín repárteno entre si o conxunto dos guerreiros, e disfrútanlo ou ben colectivamente ou ben publicamente ou ben privatizadamente estes guerreiros xunto coas súas mulleres e as criaturas do seu propio colectivo. Isto xéranos, pois, un sistema de relacións sociais que está perfectamente estruturado, en primeiro lugar, a partir de distinguir entre quen se apropian dos bens e que se definen a si mesmos como posuidores, e que son quen posúen, dominan e conquistan o territorio e os recursos e os outros seres humanos; e quen quedan desposuídos ou desposuídas das posibilidades de existencia. Xérase así unha primeira noción de clasificación social, que distingue entre os posuidores e os que desposuímos, unha maneira xa de definírmolos entre “eu que teño dereito a...”, a base de decidir que “ti non tes dereito a...”. Porque para definirme como superior, teño que definirte como inferior, precisamente porque non é verdade que sexas inferior, porque se fose verdade, eu non tería que definirme superior a ti. Esta primeira clasificación entre posuidores e desposuídos, é fundamentalmente racista ou etnocéntrica, e lexítima o dominio duns colectivos sobre outros, e no momento en que, non soamente espoliamos un colectivo do lado, senón que, ademais, en vez de matalos, queremos que traballen para nós, entón, o racismo tradúcese en clasismo, ou sexa, que o clasismo sería unha derivación clarísima desta primeira división que sería racista, etnocéntrica.

Evidentemente, para poder levar a cabo esta actividade tan interesante, fai falla que o colectivo que practica ese xeito de relación co seu contorno e con outros seres humanos se distribúa as funcións, e eu creo que a división interna dese colectivo en razón do sexo e da idade ten que ver coa expansión territorial. Ou sexa que o sexismo ten que ver coa expansión territorial e que é unha forma de distribución de funcións dentro dun

colectivo que é fundamentalmente racista, que fundamentalmente se propón dominar outros territorios. Porque da mesma maneira que distinguimos entre posuidores e desposuídos, como a vontade de dominar o mundo non é soamente vontade de dominar máis territorio, senón vontade de dominar máis alá do tempo, ou sexa, reproducilo a través das xeracións, entón esa clasificación entre posuidores e desposuídos hai que aplicala ás criaturas, e así se distingue entre herdeiros e desherdados. E eu creo que sen un pacto adulto entre as mulleres e os homes dos colectivos dominantes non se pode practicar a selección entre herdeiros e desherdados.

Co cal, o que temos é un sistema complexo de organización social, onde se articulan distintas divisións sociais, en razón da raza, da clase, do sexo e da idade. E a división do sexo e da idade é unha división que xerarquiza internamente ó colectivo que se impón sobre os outros colectivos dentro dun conxunto complexo de equilibrios e de tensións, por practicar e por beneficiarse dese disfrute do botín.

Xa empezamos a ter unha interrelación entre o que é o privado e o público: o privado é o beneficio que se obtén do saqueo doutros pobos, do botín; o público sería o espazo onde se reúnen os xefes, os varóns que se apropian privadamente e que compoñen o exército e integran o corpo político, que planifican as novas fases expansivas; e esas novas fases expansivas son as que repercuten nesas posibilidades maiores ou menores de disfrute privado dos bens.

Empezamos a ter, pois, un novo xogo de pezas deste puzzle, que o podemos ver na súa dinámica cando pensamos que, para dominar a outros colectivos, esta crenza no dominio é unha crenza imparabile, unha crenza que xustifica a estrutura social xerarquizada e que ó mesmo tempo está esixindo que non se pare, porque senón, no momento en que isto se para, se desmonta toda a xerarquía social; polo tanto, a dinámica expansiva ó mesmo tempo serve como razón de ser do colectivo, pero ó mesmo tempo esixe que ese colectivo se transforme constantemente. Por exemplo, se a xente que agora está nun aula quixera dominar todo o edificio dunha facultade, faría unha distribución de funcións, decidiría quen se queda na aula de control e quen se espalla polo resto do edificio, distribuiríanse os papeis e, ó mellor, a xente que está na aula podía dominar todo o edificio e someter ó resto da xente que estivese por el; pero cando quixeran ampliálo - porque a súa razón de ser é que hai que ampliálo,

e que a transcendencia de hoxe e a expansión, xustifica a organización que montaron- entón, para amplialo terían que ampliar tamén o colectivo de guerreiros e o colectivo de controladores de todo ese tinglado.

¿E como se aumenta ese colectivo? Por unha banda, pódese aumentar parindo máis criaturas, polo tanto a regulación da produción da especie ten que ver co, en fin, “crecede e multiplicádevos e dominade o mundo”, se non nos multiplicamos non podemos dominar o mundo, porque somos demasiado pouca xente. Ademais, cando nos expandimos adoita morrer xente, non como lles pasa a algúns, que lles morre moi pouca xente, normalmente a xente morre nos combates, e hai que repoñer esa poboación. Para iso temos tamén os escravos das provincias, para reeñcher o exército que se nos quedaba un pouco baleiro. Polo tanto, podemos aumentar as criaturas, ou podemos, á xente que escravizamos, facela participe dos nosos ideais expansivos; pero como os ideais, normalmente, non acaban de mover ó persoal completamente, pois cando ampliamos o colectivo de guerreiros que nos facía falta para a expansión, ampliamos tamén o reparto do botín, é dicir, o número de xente que está disfrutando deses beneficios.

A dinámica expansiva xera, pois, unha transformación social, por medio da cal, xente que nun momento foi desherdada, foi desposuída das súas posibilidades, noutro momento ten que ser incorporada dentro das relacións e os conflitos sociais para disfrutar deses beneficios, porque se non, non participaría tamén desa propia dinámica que está impregnando a sociedade.

Cando xa temos estes ingredientes, podemos recompoñer o noso pasado histórico a partir destas pezas, e pensar que o privado é o que se disfruta privadamente do saqueo doutros colectivos, e que, seguramente, a partir de querer ampliar e ampliar o disfrute privado de bens, impulsamos ós nosos guerreiros para que saian a guerrear e recollan máis botín para seguir incrementando o noso disfrute privado. Aprendimos que desde o público é desde onde se move o mundo. Despois de ter feito todas estas reflexións cheguei a unha conclusión, que por outra parte é bastante simple, bastante elemental, e é que a base de que queiramos pasar dun piso de 70 a un piso de 100, a unha dobre residencia, a outro de 200, a base de querer ampliar os bens dos que disfrutamos privadamente, estamos impulsando unhas determinadas actuacións públicas, unhas determinadas estratexias políticas, que repercuten

nunhas determinadas formas de expansión; polo tanto, a nosa participación na OTAN está perfectamente interrelacionada co nivel de confort doméstico que estamos disfrutando, e polo tanto temos que ser capaces de recoñecer tamén en que mundo nos estamos movendo.

Se aplicamos este modelo de análise para revisar o noso pasado, mesmo a historia máis recente, podemos ver claramente que, no paso de tres ou catro xeracións, e na sociedade que está no marco do Estado Español, sectores desposuídos a principios de século, no proceso de recambio xeracional, en dúas ou tres xeracións, fóronse incorporando á posesión e ó disfrute privado de bens; e iso repercutiu nas diferentes maneiras de actuación na vida pública, e ten que ver coas diferentes maneiras de interrelación a nivel de relacións exteriores. Todo isto, nun mundo no que os xeitos de expansión cambiaron decisivamente, e no que, dunha conquista da terra, digamos, a pé, a ras de terra, foise pasando, ó longo do século XX, ó que é a conquista da terra desde o espazo, que estes días vimos que está en plena auxe. Porque ás diferentes maneiras de expansión territorial, corresponderían determinadas transformacións sociais internas e nesa dinámica temos que ser capaces de pensar o mundo no que vivimos, e recoñecer que, en definitiva, formamos parte desa terceira parte da humanidade que disfruta da sociedade da dilapidación a expensas das dúas terceiras partes ás que saqueamos e marxinamos en bolsas de miseria.

Polo tanto o pensamento académico, esta racionalidade pública que se presenta como obxectiva, non soamente é sexista, senón que é profundamente etnocéntrica. Eu creo que o sexismo delata que o pensamento académico está anquilosado no século XVIII; porque no espazo público hoxe non hai soamente eses varóns que se están movendo aí, hoxe somos moita máis xente, aínda que ese pensamento tan virilizado sexa incapaz de recoñecelo. Porque non soamente exclúe recoñecer ás mulleres do seu colectivo, senón que é profundamente etnocéntrico. Pero tamén algunhas análises feministas, que reducen o problema ó sexismo, caen a miúdo simplemente en inverter os papeis e incorren nun clasismo profundo e no etnocentrismo. Trátase tamén dun discurso eminentemente adulto, que valora negativamente ás criaturas. Porque, en definitiva, negar ó outro ser humano é, ante todo, un exercicio de autonegación da nosa propia dimensión humana: cando se fala de etnocentrismo téndese a ter unha actitude de comprensión dos pobos oprimidos, pero é

imprescindible que no canto de pensar en comprender ó oprimido, nos deamos conta da falacia que hai detrás desa frase. Cando eu quero comprender ó oprimido estou dicindo que eu non me creo oprimido, frase falaz, porque toda práctica antihumana, toda práctica de dominio dun ser humano sobre outro é, ante todo, un xesto antihumano de quen o practica; polo tanto, en lugar de pensar respecto a outros como oprimidos, temos que recoñecer a autoinmolación desa dimensión humana, que nos fai vivir de ti a ti cos outros seres humanos.

É, pois, a partir de recoñecer onde estamos, a que estamos xogando e que papel nos tocou representar aquí, como poderíamos, quizais, empezar a socavar as raíces desta sociedade.

Pregunta:

¿É unha falacia a inevitabilidade da guerra e da xerarquía?

Resposta:

Que a sociedade é xerárquica, que as guerras son unha constante e as desigualdades tamén, é unha constatación. O razoamento que fago é: o discurso das ciencias sociais, o discurso lóxico-científico, está presentando a xerarquía, as guerras constantes entre os seres humanos e as desigualdades coma se fosen naturais. A versión máis moderna sería a versión biosociolóxica, a versión que está lexitimando na propia xenética humana a existencia destes principios de dominio. O que non fixemos é adentrarnos na análise acerca do papel que xogou a cultura na implantación destes principios. O debate sobre se este funcionamento é natural ou cultural é unha falacia; somos natureza culturizada, constato que realmente isto está omnipresente, pero creo que todo o que se poida atribuír á historia, a unha elaboración dos seres humanos a través do tempo, é algo que, se os seres humanos o fixemos, tamén podemos desmontalo. Polo tanto, partindo da base de que unha cousa é o que pasa e outra o que explicamos, e que a explicación pode condicionar a miña acción, eu prefiro buscar explicacións que me permitan actuacións que cambien isto, e non que me encerren dentro desa lóxica.

Aceptar que a guerra, as xerarquías ou a desigualdade son conxénitas, péchame no destino fatal desa lóxica.

Entón, primeiro, eu quero transformar esa lóxica; segundo (e isto tería que ver cos modelos para cambiar o arquetipo), se fose certo que os seres humanos nos estivemos matando sistematicamente, o sorprendente sería que aínda quedemos xente para explicalo. O problema é que o discurso que xustifica o dominio non introduce un ingrediente fundamental que é a capacidade de entendemento entre os seres humanos. Cando introducimos a capacidade de entendemento entre os seres humanos podemos entender que, a pesar de que houbo tantas guerras, aínda quedemos xente para explicalo e xente con ganas de entendermonos.

Agora ben, a xerarquía, as guerras, o modelo que se presenta como superior a outros e con dereito a mandar, son construcións imaxinarias para xustificar o dominio e para orientar a acción para adecuarse a iso; construcións imaxinarias que serviron para construír o mundo e que se traduciron na construción de, por exemplo, o escenario académico: este espacio é un escenario claramente androcéntrico, isto é o centro, estamos en outo, ou sexa, é unha construción que responde a ese modelo, ese modelo imaxinario creouse para construír arquitectonicamente o mundo, ou sexa, materialmente, esa construción arquitectónica e obxectual inscribese no noso corpo, porque os nosos corpos están acostumados a pasar por aulas e por espacios, que se dobren ás cadeiras, e móvense polos espacios coma se encarnamos iso; é un modelo imaxinario pero faise real na medida en que o plasmamos en obxectos, o plasmamos nunha construción arquitectónica e o encarnamos no corpo e, evidentemente, o traducimos tamén nunha organización institucional que é a que nos está dicindo cal é o guión do conto a representar, ou a película a representar neste escenario, quen se senta e onde se senta, que xestos fai, que papeis xoga; ou sexa, digamos que hai aquí un escenario, unha institución, unha orde institucional que nos dicta que xestos e que palabras temos que facer, uns corpos que levan un proceso de aprendizaxe e de adaptación a ese medio construído así. Pero en realidade todo isto, aínda que é real, é imaxinario; ou sexa, todo é unha construción imaxinaria, que si que é verdade que está aquí, eu non a vou negar, pero que, precisamente, porque somos seres humanos con capacidade de entendemento, a pesar do escenario podemos entendernos.

Non se trata, pois, de inventarse un modelo, senón de sacar a flote a nosa capacidade humana de entendemento, ou sexa, o que hai que facer é deixarmos de crer nese modelo imaxinario que

está feito para fraguarnos, para orientar a nosa capacidade de entendemento en xestos e en palabras, e en ademáns e en actos xerarquizados; o modelo é a pantasma que nos fai actuar así, e, por sorte, nos momentos en que se nos esquece a pantasma, entón nos entendemos. Esta é a pista fundamental. A partir desta pista empezas a ver toda a construción imaxinaria do universo androcéntrico e descubres que é unha falacia fenomenal. Trátase dunha pista que a practicamos porque a xente, mellor ou peor, e máis ou menos, ímonos entendendo. O que pasa é que aprendimos a non o crermos, aprendimos a non introduci-lo como dato na nosa explicación da existencia humana.

Esta sería a resposta á primeira parte da pregunta, e, como pode comprenderse, a resposta á segunda ten que ver coa primeira, porque eu creo que a dominación non cambia porque a exerzan seres humanos diferentes, é igual quen exerza esa construción imaxinaria, como se a exercen os animais, é igual; historicamente foi definida nuns termos: historicamente foi definida en termos masculinos, por exemplo, na *Política* de Aristóteles ese modelo definido como superior é un varón adulto grego, e os non gregos soamente teñen a intelixencia suficiente para poder obedecer a ese varón; iso é o que o señor Aristóteles cre para xustificar o seu papel. ¿Por que? Porque aprendeu a crelo e entón inicia a xenealoxía dos Santos Pais que se autodefinen así. Pero, precisamente porque iso non é verdade, ten que construír todo un aparato onde se afirma constantemente negando a varias bandas. Agora ben, cando negamos ó outro, o que estamos negando é esa capacidade nosa de entendemento; a pista fundamental para replicar é, pois, crernos esa capacidade, e non soamente crernola, senón practicala, porque a crenza está condicionada pola práctica; canto máis a practicas, a pista faiseche máis sólida e, evidentemente, máis te afastas da outra perspectiva.

Pregunta:

A herencia dos caracteres comportamentais, a agresividade, a dominación, a xerarquización, as guerras... ¿veñen marcadas bioloxicamente?

Resposta:

Eu coido que unha cousa que podemos facer é, primeiro, distinguir que unha cousa é o que vivimos e outra cousa son as explicacións que elaboramos para tratar de entender o que vivimos. Vivimos,

vivimos moitas cousas, e para explicar o que vivimos, para explicar como vivimos, para entendela, para entendela dunha determinada maneira, sempre que elaboramos unha explicación, o que facemos é seleccionar uns datos que consideramos significativos e discriminar outros que consideramos insignificantes. Ou sexa, que sempre, entre o que vivimos e a explicación, hai unha distancia, entre o que discriminamos como significativo e o que excluimos. Eu creo que estamos xogando a explicar o mundo, parto da base de que exactamente no sei como funciona, a min o que me interesa é que me funcione. O que sei é que a explicación que parte da base de que a agresividade e a guerra son consubstanciais, lévame a xustificar esas prácticas e péchame nesa lóxica. Dise que, na vida cotiá, sempre se da a agresividade; eu persoalmente creo que non, persoalmente teño a experiencia, e vos invito a practicala, porque creo que dá resultado, de que, na medida en que eu son capaz de esquecerme dos esquemas e me recoñezo con outra persoa de ti a ti, eu me sinto mellor, e todo o mundo nos sentimos mellor.

¡Absolutamente real!, ¡como a vida mesma!... O que non se pode admitir é que utilicedes argumentos de descualificación, dicir “utópico” é un xeito de dicir “isto non”. Eu digo que isto funciona, xuro que funciona. Deixádevos o ‘*arquetipo viril*’ colgado nun percheiro, abandoade a crenza de que a xerarquía é ineludible e vos aseguro que a cousa vos funciona. E se non, se sodes tan científicos e tan racionais, pídovos, por favor, que o utilicedes como hipótese, simplemente como hipótese, a ver que pasa; porque polo menos, ó utilizalo como hipótese, poderdes descubrir ata que punto o que tiñades era unha hipótese ou un dogma. Eu creo que o pensamento científico non se basea en hipóteses, baséase na dogmática do dominio, e esta dogmática non se quere recoñecer; e iso emparenta ó pensamento racional cun substrato de pensamento moito máis profundo, que é de carácter mítico; porque a xerarquía, en definitiva, foi definida en termos sagrados e o pensamento racional encobre ese substrato. Dicides: “hai unha herdanza bioloxica”; vale. Pero imos estudar a herdanza cultural, imos estudar a historia como unha memoria, e eu dígovos: non soamente a herdamos nos xenes, eu recoñezo que esa memoria está gravada no contorno, esa memoria o meu corpo absórbea cando me movo no contorno, méteseme no corpo, ou sexa, eu recoñezo a herdanza. A análise que fago, precisamente, é a partires da base de ver a historia como transmisión de memoria; pero unha memoria que tamén xerou ruínas. O que pasa é que o pensamento que temos é

absolutamente opaco, non soamente lexitima a dogmática do dominio, senón que, ademais, é opaco. Aristóteles dicía: “a guerra é unha maneira natural e xusta de someter a todos aqueles que, nados para seren mandados, se negan a someterse”; despois veñen os tradutores e din: “para someter a aqueles que, nados para obedecer, se negan a someterse”; de “ser mandados” a “obedecer” hai un salto semántico definitivo. Eu coido que é dende a crenza de que o poder é natural, que soamente vemos a disxuntiva de “ou mandas ou es mandado”, porque a lóxica do discurso do poder, faiche crer que, cando non mandas, es mandado e, como dicía Aristóteles, adicaste a obedecer para un día ser capaz de mandar, para un día estar na escala do mando. O que hai que facer é saírse desa lóxica, deixar os nosos esquemas ó lado, e pornos a mirar ás persoas de ti a ti, deixarnos ir de ti a ti, e meter esta hipótese no noso laboratorio e ¡a ver que pasa!

Pregunta:

Hai autores que demostran a agresividade e a xerarquía nos animais (incluída a especie humana).

Resposta:

Eu creo que iso de que a agresividade e a xerarquía nos animais está demostrada é unha lectura gratuíta coa que hai que ter moito coidado porque, primeiro, é unha maneira de ver os animais para xustificar unha xerarquía humana que é absolutamente desmedida. Utilizar as posibles imaxes que se extraen das relacións dos animais e transportalo a unha sociedade humana que é capaz de desenvolver unha industria fraticida das dimensións que temos nós, é extrapolalo dun xeito descomunal. Entre a posible agresividade dos animais, que temos que reler con moito coidado, para non aplicar simplemente os nosos modelos e xustificarnos, e a maquinaria brutal que fomos capaces de crear os seres humanos, hai un abismo que eu creo que é a historia a que o ten que explicar. O que pasa é que os historiadores adicanse a cantar a épica do poder e a épica de como, os que aínda non tiñan o poder, soben ó poder, e van transmitindo esa crenza, e que, precisamente, como hai moita xente que cre o que preguntades, pois non nos acabamos de entender. Pero, a pesar de todo, entendémonos un pouco.

Pregunta:

As mulleres ¿sufrimos sempre un *apartheid* sistemático ó longo da historia?

Resposta:

Vou resumir unha serie de ideas sobre o *apartheid* que tivemos as mulleres na historia. De entrada, parto da base de que todo son explicacións, e non me creo ningunha explicación..., créome o que vivo, o que toco, isto si, isto que aprendera a non o crer, como outras persoas, eu tamén aprendín a non crer cousas que estaba vivindo, sobre todo, no proceso de incorporarme a unha vida profesional, a unha vida política e a unha vida pública. Aí entraríamos nesta relación entre o mundo privado, que sería máis un produto dos sentimentos, e o mundo público, que sería máis o produto da racionalidade pública. Volvendo á pregunta, porque ten que ver con todo isto: unha das cuestións que me fixen un día foi que a min isto de que as mulleres sempre estivemos sometidas e discriminadas e todo isto, non me acababa de cadrar, porque eu non creo que as miñas antepasadas fosen máis submisas nin máis estúpidas ca min; e se neste momento as mulleres nin somos submisas nin nos dobregamos tan facilmente, eu non tiña por que facer hipóteses. É dicir, descubrín que nesa frase se esconde unha autoafirmación dun determinado modelo de muller, que se afirma negando todo aquilo que non lle cadra; estaba construíndo unha explicación similar á que estaba criticando. Parto da base, pois, de que os seres humanos somos xente moi diversa, que nos movemos dentro das nosas tendencias e aspiracións e no marco cultural no que vivimos xogando con esas regras e, ó mesmo tempo, trampeándoas, transformándoas, facendo que, a pesares das regras, poidamos entendérmonos, porque a montaxe é moi forte, pero a pesar de todo podemos entendernos. Nese conxunto de cousas, o que teríamos que situar é como coñecemos o mundo, como nos comunicamos. Partiría da base de que a vida é comunicación, que é un termo unitario que me permite redefinir as diferentes aportacións das ciencias sociais: a vida é comunicación, e podemos entendela como transmisión de comunicación, como circulación de comunicación, e esa comunicación xera coñecemento. Aí temos que situar como coñecemos, ou sexa, que gafas aprendimos a poñermonos en que circunstancias, porque ten que ver con como funciona ese mundo... Unha das experiencias máis intensas e, nalgún momento, tamén tremendamente esquizofrénica, pero moi

fructífera, foi facer estas lecturas dos textos académicos e ir descubrindo o que se afirma e se nega; a base de ler moi detidamente moitos textos empecei a ver que baixo a suposta linealidade do texto racional, o que se estaba a ocultar era unha linguaxe simbólica de carácter mítico-relixioso, unha linguaxe onde había un xogo de afirmacións que negan. Ó ler a *Política* de Aristóteles a cousa quedoume clarísima, porque Aristóteles constrúe constantemente o seu discurso negando para poder afirmar. Ó ler os textos que explican hoxe eses textos, o que se fixo foi un proceso, digamos, de economía, prescindese das negacións, cóllense as afirmacións, e as afirmacións xeralízanse, co cal ese ser destinado a ser mandado, que construía Aristóteles para poderse afirmar co dereito a mandar, desaparece, e o discurso soamente funciona a través de construír a racionalidade do mando. Esa é a racionalidade pública.

Nese sentido, eu discreparía da racionalidade comunicativa, ou sexa, creo que é unha palabra coa que hai que ter moito coidado e, ademais, cando falo de racionalidade comunicativa, falo de racionalidade carnal comunicativa, porque creo que funciona a través da pel e a través de transmisión de comunicación directa; porque cando entras nese substrato, nese xogo de afirmacións que negan, nese substrato mítico da racionalidade, de súpeto ti entras no inconsciente da racionalidade, no teu propio inconsciente, na memoria inconsciente, na sacralidade da xerarquía; estás entrando, digamos, no terreo do pánico profundo. Ou sexa, a partir deste proceso e desta experiencia, parto da base de que a orde xerárquica é unha orde antihumana, por definición, porque xustifica que uns seres humanos vivan a expensas doutros; fronte á capacidade de entendemento elabórase unha construción simbólica, na que, no canto de dicir que deberíamos entendernos, dicimos non entendernos, pero iso revelámolo en positivo e chamámoslle mando, poder. ¿Que é o que pasa? Que a nosa aspiración a entendérmonos, aspiración de relación directa, de relación carnal, resulta peneirada en termos mítico-relixiosos, no sentido de “o que non debe de ser porque nos conduce ó caos”; o que non nos permite o entendemento pero si esa xerarquía, a nosa capacidade de entendemento que reorientamos cara á xerarquía, iso é o que aprendemos que debe ser no pensamento mítico-relixioso. No pensamento racional elimínase o negativo e racionalízase o que debe ser, ocultando o que non debe ser. É como aquel slogan que dicía: “As nenas boas van ó ceo, e... as malas a tódalas

partes”. Cando ti te dedicaches a racionalizar o ceo, non tes pistas para ir a tódalas partes, porque o único que tes é o pánico a non entrar no ceo.

Neste sentido sobrepásache o espacio privado, unha cousa son as relacións interpersoais e outra cousa son as relacións interpersoais peneiradas por ese sistema, o que quere dicir: moderadas de acordo con un sistema de privatización, posesión e xerarquía que vivimos no espacio privado, que é onde se fragua a nosa sentimentalidade privada. Por iso o espacio privado pode ser tremendamente ambiguo e duro, porque se tende a idealizar o espacio privado como reducto da non-guerra pública, pero iso non é totalmente certo, na medida en que ese espacio é privado, posesivo e xerárquico. Quere dicir que o que está facendo é filtrando as relacións do sentimento polos pánicos sagrados da xerarquización, da distancia, e que unha vez aprendido iso, entón é cando ti aprendes a racionalizar todo o que debe ser; no espacio privado, a través do pensamento mítico-relixioso, aprendes que o que che gusta non debe ser, e o que non che gusta debe ser; despois, aprendes a racionalizar o que debe ser. E ¿en que consiste racionalizar? Simplemente en dicir onde, cando, como, por que e para que debe ser o que definimos que debe ser. Por iso cando pasamos de estudante a profesor na aula, cando ti chegas á tarima, sáeches sobre todo o pánico que ti tragaches en tódolos exames da túa vida, e entón sáeches a xerarquía, e entón, ti fas o papel, pero o profesor fai un papel absolutamente atemorizado ante o seu propio papel: ese é o inconsciente; o que pasa é que entón se racionaliza e dis: “Eu, aquí e agora, debo comportarme así”, ¿por que e para que?... para facer o ben ás próximas xeracións. A escola inicialmente servía para cohesionar os exércitos e despois serviu para cohesionar os cidadáns, os políticos, un discurso definido en termos virís. Pero, precisamente porque é imaxinario, cando as mulleres nos metemos a estudar, aprendémolo, crémolo e, aínda por riba, cremos que é que as mulleres estiveron sometidas, e o que pasa é que nolo tragamos. Pero, xunto a ese modelo masculino, viril, da racionalidade, hai un modelo feminino profundísimo que teríamos que revisar, que sería o modelo da Virxe, ese modelo de represión da concupiscencia que os curas non podían dominar, pero que se implantou a base de nais que o creron, porque querían ser *esposas* e porque querían xogar ese papel. Ese é o modelo que se transmitiu ás mulleres nos colexios de monxas e que tamén hai que abordar.

Bibliografía

Moreno A. *El arquetipo viril protagonista de la historia. Ejercicios de lectura no androcéntrica*. Barcelona: La Sal; 1986.

Moreno A. *Pensar la historia a ras de piel*. Barcelona: La Tempestad; 1991.



Albania - 'Limpiaparabrisas'
Foto de J. Teniente

NORMAS DE PUBLICACIÓN

Esta revista publica traballos orixinais, artigos de opinión, artigos de revisión, documentos, informes, cartas e outros artigos especiais referentes á Saúde Pública e á Educación para a Saúde.

As normas de publicación deben seguir as recomendacións do Comité Internacional de Editores de Revistas Médicas, ou normas de Vancouver, e tamén as dos distintos Comités Internacionais de Psicoloxía, Pedagogía, etc.

Estas normas, así como a ficha de suscripción, e outras informacións, atópanse en:
<<http://www.uvigo.es/webs/mpsp/rev-eps.htm>>.

Os autores enviarán os manuscritos a: Revista *Saúde Pública e Educación para a Saúde*. Apartado de Correos 543. 15780 Santiago de Compostela (A Coruña). Ou ben ó enderezo de correo electrónico: <oepe@mun-do-r.com>. Estes serán sometidos a revisión por expertos (*peer-review*) unha vez recibidos.

